

ENTREVISTA | **JUAN ANTONIO ESTÉVEZ ÁLVAREZ**  
Xerente de Terra de Barancelli

«Non temos prezos esaxerados, pero a calidade hai que pagala»

**Mar Varela**

CARBALLO/LA VOZ. O Val de Monterrei esconde, ademais das súas coñecidas augas, boas producións agrícolas baseadas nas técnicas tradicionais de cultivo. Terra de Barancelli, empresa que ten de xerente a Juan Antonio Estévez, encárgase de levar á nosa mesa os segredos mellor gardados do campo de Verín. Entre eles, pementos asados en leña de carballo, marmeladas e patés.

—**¿Como variou a empresa dende a súa fundación?**

—Botamos a andar en 1975 e fai catro anos que mercamos a fábrica de conservas, onde tratamos as nosas propias producións, ou ben as de labregos da nosa terra.

—**¿Utilizan receitas tradicionais da zona?**

—Por suposto. Temos a fritada de Monterrei, unha especie de pisto, pero cunha receita tradicional da comarca.

—**¿Como é o proceso de conserva?**

—Non utilizamos ningún tipo de aditivo químico nin conservantes. Por exemplo, os pementos asámoslos nunha grella grande con leña de carballo e pélanse a man. Despois engadimos unhas gotiñas de limón, para que varíe o PH e, por último, esterilízanse.

—**Os alimentos saben entón coma os da avoa.**

—Comes un pemento dos nosos e sabe a pemento, mentres que na maioría das conservas o gusto está modificado polos produtos que utilizan.

—**¿Esta elaboración encarece o produto final?**

—Non temos prezos esaxerados, pero a calidade hai que pa-



Estévez destaca os procesos artesanais da súa empresa | PILI PROL

gala. Debemos darnos conta de que nós facemos catro botes con un quilo de froita, mentres que con esa mesma cantidade pódense facer ata doce envases. Por iso, nas marmeladas de moitas marcas case non distinguimos a froita da que provén. Iso non pasa con estes produtos ecolóxicos.

—**¿Nótase menos a crise no sector no que se moven?**

—Levamos tres anos sen subir os prezos. Aínda así, non o notamos tanto coma os que venden produtos básicos, sen ningún valor engadido. Os nosos consumidores gozan o que comen e, á larga, gañan en saúde e incluso aforran en menciñas (ri).

—**¿É Galicia o seu principal mercado?**

—A verdade é que si. Temos tamén distribuidores en Madrid e Barcelona, e dentro de pouco estaremos en Asturias. Son consumidores que buscan produtos sostibles e naturais, un valor en alza que debemos aproveitar en Galicia.

O escaso nivel de reutilización fai que representen un 9% dos residuos urbanos

## Cada español gasta máis de 200 bolsas de plástico ao ano

M. V. C.

CARBALLO/LA VOZ. Unha bolsa de plástico ten unha vida útil de quince minutos, o xusto para levar o que mercamos da tenda á casa. Pero a natureza pode tardar máis de catro séculos en descompoñela. E, a pesar diso, España é o terceiro país europeo que máis envases deste tipo e de un só uso utiliza.

Segundo os datos que maneja a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), os comercios españois distribúen un total de 10.500 millóns de unidades, o que posteriormente se traduce en 100.000 toneladas de desfeitos. Esta cifra supón un 9% dos residuos urbanos que producimos. Os datos son especialmente preocupantes porque cada vez a reutilización das bolsas plásticas é menor. A explicación é sinxela: nos últimos anos o seu peso reduciuse ata un 75%, polo que non se volven a utilizar en futuras compras ou como bolsa do lixo xa que son menos resistentes e rompen con máis facilidade.

Nos últimos tempos estase a falar moito das bolsas reutilizables, pero detrás do termo hai bastante confusión. Concha Casares, codirectora de Casa Aloncos (Ordes), cre que é «necesario que comecemos a diferenciar entre o que é unha bolsa reutilizable e outra biodegradable». Mentres que a primeira pode ser téxtil ou plástica, a segunda está composta por materiais que a natureza pode dixerir, como é o caso da fécula de pataca e as tintas á auga.

Casares é consciente de que «a súa utilización debe ser progresiva» porque, «por un lado exis-



Os comercios e supermercados reparten cada ano en España un total de 10.500 millóns de bolsas de plástico | SANTI M. AMIL

ten moitas empresas en España que traballan con derivados do petróleo e, por outro, a sociedade aínda non está concienciada co problema que supón abusar dos envases plásticos».

Ademais das bolsas, existen outros moitos elementos fabricados a base de plástico, coma é o caso das botellas, tarros e pratos. A codirectora de Casa Aloncos está convencida de que «nun futuro comezarán a utilizar os bioplásticos en todos estes produtos». Incluso, a súa empresa comercializa «chufasqueiros biodegradables, perfectos para os peregrinos do Camiño de

Santiago, por exemplo».

Entre as distintas entidades con campañas para denunciar esta situación, Sogama ocupa un lugar destacado no fomento do uso de alternativas ás bolsas plásticas de toda a vida. De feito, o Plan Nacional de Residuos de Galicia ten coma obxectivo que, para o ano 2015, se substitúan o 70% destas bolsas por outras biodegradables.

A diferenza para a natureza é notable, xa que é capaz de descompoñelas en tan só 120 días, fronte aos centos de anos que lle leva desfacerse dos derivados do petróleo.



### O «ECOPREGUNTOIRO» VIVIRÁ UNHA FINAL OURENSÁ

Os alumnos do CEIP Castrelo do Val querían aos seus veciños do colexio Irmáns Villar de rivais na final do *Ecopreguntoiro*. Dito e feito. Na xornada de onte vivíuse outra rifada semifinal na que ambos centros destacaron po-

la súa rapidez e calidade. Un erro dos rapaces do CEIP Refoxos (Oia) propiciou un rebote que foi aproveitado. O venres, a partir das cinco da tarde, vivírase unha gran final con sabor ourensán. | MIGUEL VILLAR

### BREVES

#### XORNADAS

**Luis Lamas participará nas Xornadas de Enerxías Renovables de Carballo.** O presidente de Sogama confirmou a súa participación na iniciativa de Axober, que este ano se desenvolverá entre os días 28 e 30 deste mes no Pazo da Cultura de Carballo. Lamas dará a coñecer os pormenores do modelo Sogama na xestión e tratamento dos residuos urbanos, tanto dende o punto de vista ambiental, coma educativo e social.

#### COMPOSTAXE

**Catro concellos da Mariña distribúen composteiros.** Barreiros, Alfoz, Trabada e Lourenzá participarán nun proxecto piloto de compostaxe doméstico. Os mestres composteiros serán os encargados de entregar os recipientes nos fogares adscritos a esta experiencia.

Desta maneira tamén poderán esclarecer as dúbidas das familias. A avaliación definitiva do programa virá da man da Universidade de Santiago, encargada de analizar o abono resultante para verificar se cumpre os requisitos de calidade necesarios para ser aplicado no solo.

#### CAMBIO CLIMÁTICO

**A Xunta destina 1,3 millóns de euros a proxectos ambientais.** O Consello da Xunta aprobou onte un investimento de máis de 1,3 millóns de euros para o programa de axudas destinadas á protección do ambiente nos anos 2010 e 2011. Poden optar entidades sen ánimo de lucro e pequenas e medianas empresas que presenten proxectos relacionados coa xestión de residuos e loita contra o cambio climático ou auditorías ambientais.